

PERCORRIDO

O concello de Carballedo posúe unha interesante riqueza Patrimonial, e non somentes polas características propias de cada edificación senón tamén polo enclave natural no que se atopan.


Comezamos esta ruta diante da Oficina de Turismo no lugar de Castro. Collemos a estrada LU-P1001 para a 2km coller un desvío á dereita pola LU-P1006. A 4.5km temos dúas opcións para visitar a Igrexa de San Estevo de Chouzán, podemos desviarnos á dereita pola LU-P1801 cara Chantada e a 600m atopamos un camiño á esquerda que nos conducirá andando durante 300m ata a igrexa. Teremos logo que voltar sobre os nosos pasos ata o cruce coa LU-P1006 para continuar a ruta. Outra opción de continuar no cruce á dereita e coller a 250m o desvío cara ó pobo de Chouzán (Pacios) o que chegaremos tras 1km. O Chegar ó pobo teremos que deixar o coche e andar 500m por un sendeiro ata chegar á igrexa.

Voltaremos a subir a estrada LU-P1801 e continuaremos 5.5km pasando os lugares de A Grixoá, Vilar, Ribeiriña Arximil, ata que atopemos á esquerda un desvío que nos conduce tras 600m ata á Igrexa de San Xoán da Cova; É unha estrada sen asfaltar polo que se recomenda facer a visita andando.

Unha vez de novo na LU-P1801 continuaremos durante 5.5km ata os Peares e subiremos dirección A Barrela, a 5km no lugar de Porrás, collemos un cerrado desvío á dereita que nos levará tras 1km ata a igrexa de San Miguel de Oleiros.

Continuaremos agora por esta estrada secundaria 7km pasando o lugar de a Ermida ata saír novamente á LU-P1801, collemos á dereita e tras 3.5km estaremos novamente no lugar de partida.

DETALLES



CANZORROS SAN ESTEVO DE CHOUZÁN



SEPULCRO ABADESA SAN XOÁN DA COVA



PORTA LATERAL SAN MIGUEL DE OLEIROS


Bibliografía:

- Boletín Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo.
- Inventario Artístico de Lugo y su provincia. VV.AA.
- El Románico de Lugo y su Provincia. J. Delgado.



CARBALLEDO

ROMÁNICO DE RIBEIRA



UNHA VENTÁ Ó MIÑO

SAN ESTEVO DE CHOUZÁN



Xa se teñen noticias deste mosteiro, quizais de orixe cenobita, nos séculos IX y X. No século XII cédese á comunidade de Oseira que o transforma nun mosteiro dúplice e no século XV coa reforma dos Reis Católicos, a comunidade de monxas trasládase a San Paio de Antelares. Hoxe só se conserva a igrexa que pertenceu ó mosteiro, que foi trasladada o seu actual emprazamento para salvala das augas do embalse dos Peares. Hoxe é Monumento

Histórico Artístico, declarado como tal en 1950.

Na porta do lado esquerdo unha inscrición fai referencia a unha fundación, “ *en las kalendas de Abril de la Era de 1352 años, ésta iglesia fue fundada por la Abadesa Teresa Arias de Páramo*” crese que ó que se refire é as reformas levadas a cabo nesa época.

A nave presenta planta de cruz latina; De época románica consérvase a ábsida cun tramo recto e outro semicircular, cubertas con bóveda de canón e cuarto de esfera, respectivamente; Da mesma fábrica é o arco de medio punto peraltado e a ventá troneira que se encontra encima deste.

A ábsida divídese por catro columnas exteriores en cinco fragmentos, a esas columnas exteriores correspóndenlle outras tantas interiores; Os capiteis das primeiras presentan decoración vexetal. Son interesantes a serie de modillóns que recorren o beiril, esculpidos con cabezas humanas, de animais e figuras xeométricas.

De época gótica, aínda que existía en época anterior, son o cruceiro e a nave, que está divida en catro fragmentos . De época renacentista é o retablo maior pintado en el 1664, que aínda conserva a data.

As pinturas murais son do século XVI, de estilo gótico hispano-flamenco, e representan o Xuízo Final e a Paixón de Cristo.

SAN XOAN DA COVA



A orixe deste mosteiro foi cenobítico; Sendo mosteiro de monxas beneditinas e estando unido ó de Chouzán. No século XVI foi anexionado a San Paio de Antelares. A historia desta igrexa ó igual que a de Chouzán ou Portomarín está unida a construción do encoro dos Peares. En 1960 é declarada Monumento Histórico Artístico, e trasládase ó seu actual emprazamento para evitar ser anegada polas augas do encoro.


Do antigo mosteiro o único que hoxe se conserva é a igrexa, o templo anexo, que sería de románico de transición, atopábase case en ruínas no momento do seu traslado, e o único que se salva é a porta principal, que está hoxe colocada como porta norte da igrexa. O edificio, case na súa maioría, é de finais do século XII con algúns elementos reutilizados dunha igrexa prerrománica anterior.

A nave é rectangular e está dividida en dous tramos. A ábsida divídese nun tramo recto e cabeceira semicircular, con bóveda de canón e cuarto de esfera, respectivamente. A ábsida presenta unha ventá troneira na súa parte central con arco de medio punto e columnas con capiteis de decoración vexetal; A cada lado da ábsida ábrense sendas ventás troneiras máis sinxelas. O beiril está adornado, con modillóns xeométricos, e unha arcada cega de medio punto.

A porta principal presenta arco de medio punto apuntado con tres arquivoltas e capiteis con decoración vexetal; No tímpano presenta a inscrición referente ó donante que costeou a obra. “IN HONORE DNI/NRI IHUXI ET BTE SEP/IGINIS MARIE ET OMIU SCO/PETRVS GARSIE MILEX ECLIAM/ ISTAM SUI SUPTIBUS EIRE D RACIBU” un militar chamado PETRVS GARSE.

A porta presenta dúas arquivoltas apuntadas con dous pares de columnas e tímpano liso; Os capiteis das columnas da arquivolta maior presentan temas vexetais, mentres que os da arquivolta menor, presentan un complicado entrelazado. A outra parte do muro norte, presenta un sinxelo arco apuntado baixo o que permanece o sepulcro, con estatua xacente, dunha abadesa do mosteiro.

SAN MIGUEL DE OLEIROS



A noticia máis antiga aparece nunha doazón de Alfonso II, datada no 1 de xaneiro do ano 841. O enumerar o territorio de Asma, denomina con claridade a de Vilaquinte tamén a vila de “Supini” onde afirma que se atopa dende antigo a igrexa de San Miguel.

Da primitiva igrexa románica so se conserva a nave e con reformas posteriores. Na fachada oeste consérvase a fábrica primitiva románica destacando a porta principal, que está coroada por unha dobre arquivolta sobre columnas que presentan capiteis decorados con estilizadas follas. No tímpano presenta un pentágono dentro do cal se inscribe unha cruz con un círculo entrelazado sobre o que se superpoñen catro semicírculos.

No muro sur destaca outra porta semellante á principal, enmárcase dentro dunha arquivolta sobre columnas cos mesmos motivos decorativos que a porta principal;. O tímpano no centro presenta un espazo de forma cadrada no que non se aprecia nada esculpido.

Todo o beiril está decorado con modillóns de diversos motivos, animais, rolos e figuras humanas.

No interior do muro sur aparece un sarcófago co escudo do Santo Oficio, e no van do arco unha pedra en forma de escudete cunha cruz propia do Santo Oficio e unha inscrición, mutilada esta pola apertura dunha ventá. Do que se pode ler “ESTA SEPLVLTURA IZO Y DOTO A SV COSTA MANVEL VAZQVEZ...A CVRA QVE FVE DESTA IGLESIA I COMISARIO DEL SANTO OFICIO AÑO DE 1600”.